



RUTAS DE ARTESANÍA



GAL



A Mariña Lucense

máxica por natureza



ARTESANÍA NA MARIÑA LUCENSE

Os oficios tradicionais, o valor único do traballo feito á man e o legado do saber dos nosos antepasados son algúns dos importantes compoñentes que xunta a artesanía e a converte nun valioso trazo cultural do noso pobo e por tanto, nun excelente reclamo para a nosa rexión.

A artesanía, estreitamente vencellada á historia e natureza da mariña lucense, integra un conxunto que converte a este territorio, con case 30 artesáns de diferentes disciplinas, nun destino excepcional para o visitante. Cerámica, carpintería, cantaría, olaría, xoiería, peletaría, serigrafía, obradoiro de monicreques, obradoiro de moda, elaboración de redes e outras especialidades que suman valor a nosa oferta e que permiten coñecer, dende una mirada auténtica e singular, a nosa zona.



Descubre máis información acerca das
Rutas de Artesanía na web de turismo de
A Mariña Lucense: www.amarinalucense.gal



QUE SON AS RUTAS DE ARTESANÍA?

Trátase dunha serie de itinerarios cuxos principais protagonistas son os artesáns da Mariña Lucense. A través delas poderás coñecer os seus obradoiros, adentrarte no seu oficio e inclusive participar no seu labor diario. Nestas rutas propoñémosche ademais gozar dos valores naturais, culturais e gastronómicos da contorna dos obradoiros de artesanía, para que poidas realizar unha auténtica inmersión no estilo de vida local, completando e enriquecendo a túa visita.

Aconsellámosche unha experiencia de turismo slow, unha filosofía que foxe das presas e reivindica a lentitude á hora de descubrir un lugar e, sobre todo, imbuírse da cultura local, xa que son os propios habitantes, os que coas súas vivencias e coñecementos poden mostrarche a cara máis auténtica do destino.

Con esta iniciativa, búscase recomendar algúns dos lugares de principal interese e informar sobre o tempo aproximado que requiren as visitas. As posibilidades nun territorio como A Mariña Lucense son múltiples, se queres coñecer todas as opcións entra na nosa páxina web www.amarinalucense.gal ou déixate aconsellar.



RUTA DE ARTESANÍA POR VIVEIRO

Regal Cerámica e Miriam Viveiro

No **Complexo Regal Xunqueira** atópase o obradoiro do ceramista Otero Regal, onde produce unha gran variedade de pezas empregando materiais da zona e o estilo propio do artesan. Ademais, o complexo alberga o museo da cerámica, o museo da pel e varios espazos con exposicións temporais. En Regal Xunqueira poderás levar a cabo actividades baseadas na decoración de pezas cerámicas.

Miriam Viveiro é tamén ceramista e ten o seu obradoiro na parroquia de Chavín, a poucos metros do Souto da Retorta. A súa produción céntrase no deseño de xoias con elementos cerámicos como protagonistas, sen deixar a un lado a creación de pezas funcionais e decorativas. Miriam Viveiro ofrece cursos e obradoiros para nenos e adultos.

REGAL XUNQUEIRA: Camiño Real, 127.
Xunqueira. Viveiro. 982562589.
ceramica@oteroregal.com

Horario: De luns a venres, de 10:00h a 14:00h y de 16:00h a 20:00h. Reserva a visita con máis dunha semana de antelación.

Prezo: Acceso libre gratuito. Visita guiada 5€/persoa. Visita guiada con actividade 7€/persoa. Grupo mínimo para a visita guiada e a actividade 10 persoas.

MÍRIAM VIVEIRO: C/ Calvoso, 8.
Chavín. Viveiro. 639619254.
miriamviveiro@hotmail.com

Horario: Reserva a visita, cursos e obradoiros con máis dunha semana de antelación.

Prezo: Visita gratuita. Obradoiro para nenos dun día (3h.) 12€/persoa. Curso para adultos de catro días (2h/día) 48€/mes. Grupo mínimo para cursos e obradoiros 5 persoas.



Regal Xunqueira / Míriam Viveiro

2 HORAS



Souto da Retorta

2 HORAS



Casco Histórico de Viveiro

2 HORAS



En Chavín, a 3 kms. de Regal Xunqueira e a poucos metros do obradoiro de Miriam Viveiro, atópase o **Souto da Retorta** e o Monumento Natural O Avó, a árbore máis grande de España e unha das de maior envergadura de Europa. Un agradable paseo paralelo ao río Landro, que discorre entre titánicos exemplares de *Eucalyptus Globulus* e vexetación autóctona levarate ata él.

O **casco histórico de Viveiro** é un lugar ideal para coñecer as rúas dunha vila medieval antigamente amurallada. Conserva dúas das portas orixinais do século XIII e a porta de Carlos V, construída no século XVI. Ademais, en Viveiro podes visitar varios templos, prazas, as súas rúas gremiais e outros monumentos. Vive unha experiencia singular realizando a visita ao centro histórico coa audioguía ficcionada *Conversas nun Viveiro Fantástico*. Con ela poderás percorrer a intrahistoria da cidade baixo unha atmosfera máxica, a través de peculiares anécdotas e personaxes. Descarga na web da Mariña Lucense.

Tamén che recomendamos: A 5 kms. de Viveiro cara o oeste, no Vicedo, a ruta costeira do **Fuciño do Porco** sorprenderate coas súas vistas, formas e pasarelas. A uns 20 kms. cara o sur, en Oulol, non podes perderte a **Fervenza da Xestosa**, que descende como unha cortina polas verdes ladeiras da montaña.



RUTA DE ARTESANÍA POR FOZ

Espazo Caritel

A cerámica, o arte e a natureza danse cita no obradoiro de Daniel Caxigueiro, en San Martiño de Mondoñedo, en Foz. En **Espazo Caritel** podes gozar de salas de exposicións diáfanas que resaltan a interesante obra do artista. Pezas que xogan coas texturas e as dimensións para dar lugar a suxerentes creacións. Froito da gran afición de Caxigueiro pola botánica, un impresionante xardín de 3500 m2 e multitude de especies que cultiva coas súas propias mans, agardan neste sorprendente espazo. Cen variedades de camelias, hortensias, fieitos, árbores e arbustos de diferentes continentes, ademais de especies autóctonas. Na visita, o artesán amosa os procesos de creación que segue nas súas obras e sumerxe ao visitante no curioso mundo da botánica.

O Caritel, 6. San Martiño de Mondoñedo. Foz. 982132694.
espazocaritel@gmail.com

Horario: De Xullo a Agosto de 11:30h. a 14:00h. e de 17:00h. a 20:30h.

O resto do ano reserva a visita con máis dunha semana de antelación.

Prezo: Individuais 3€/persoa, grupos e oferta educativa 2€/persoa. Grupo mínimo 10 persoas.



Espazo Caritel
2 HORAS



Basílica de San Martiño
2 HORAS



Ruta das Praias en Foz
2 HORAS



A 200 metros do Espazo Caritel atópase a **Basílica de San Martiño de Mondoñedo**, unha das xoias arquitectónicas e artísticas da Mariña Lucense. Considerada a catedral máis antiga de España, foi construída no século IX e conta cunha historia que se remonta ao século VI, coincidindo coa chegada dos bretóns a Galicia. No seu centro de interpretación poderás indagar máis sobre o pasado deste Ben de Interese Cultural. É posible concertar unha visita guiada chamando con antelación á oficina do centro de interpretación (982132607) para descubrir esta marabilla do románico.

Trala visita á basílica, propoñémosche dúas opcións: sentirte como un máis entre mariñeiros e a poboación local no porto pesqueiro de Foz e bordear o seu litoral seguindo a **Ruta das Praias**, ou achegarte á localidade de Barreiros, a 7 kms., para coñecer a **Ruta de Santo Estevo do Ermo**. Esta última, discorre ao carón do rego de Santo Estevo entre un bosque de castiñeiros, carballos e bidueiros, pasando polo belo salto de auga que lle da nome á ruta.

Tamén che recomendamos: A 21 kms. de distancia de Foz e Barreiros, na localidade veciña de Alfoz, o **Castelo de Castrodouro**. Unha antiga fortificación construída no século XV, perfecta para coñecer a arquitectura civil medieval e que pertenceu ao Mariscal Pardo de Cella, figura clave da Revolta Irmandiña. Ademais, non moi lonxe do mesmo e estreitamente vencellado coa figura do Mariscal, o **Pico da Frouseira** postúlase como un dos escenarios máis importantes das batallas que tiveron lugar. No interior do castelo, entre outras cousas, poderás visitar o Museo das Zocas e aprender acerca deste tradicional calzado galego.



ruta de artesanía por cervo

Asteleiros Fra

En pleno centro de San Ciprián, na desembocadura do Río Covo, atópase o asteleiro tradicional de **Francisco Fra**. Tras sete xeracións, é o último da Mariña Lucense que mantén vivo o oficio da carpintaría de ribeira. Na visita ao taller, con máis de 200 anos de historia, serás testemuña da precisión e experiencia que require a construción dunha embarcación. A confección dos planos, a reprodución en maquetas, a execución a tamaño real da nave, as ferramentas empregadas e outras curiosidades son amosadas por Fra, que é ademais un perfecto coñecedor da historia naval da zona.

C/ Beiramar, San Ciprián.
Cervo. 677595676.
fransanciprian@hotmail.com

Horario: Reserva a visita con
máis dunha semana de
antelación.

Prezo: 3€/persoa.



Asteleiro de Francisco Fra

2 HORAS



Museo Provincial do Mar

1 HORA 30 MINUTOS



Complexo Hco-Artístico Sargadelos

2 HORAS



A uns pasos do asteleiro, está o **Museo Provincial do Mar**, unha parada obrigada trala visita a carpintaría de Francisco Fra. Nas diferentes salas do museo verás unha gran cantidade de artigos relacionados coa navegación e a vida mariña. No mesmo, existe un espazo destinado a rememorar o pasado baleeiro do porto de San Ciprián, onde se expoñen restos óseos auténticos de baleas, as ferramentas empregadas para a caza e outras peculiaridades.

A 7 kms. de San Ciprián, no mesmo concello de Cervo, atópase a fábrica de **Cerámica de Sargadelos**, aínda en funcionamento. A menos de 1 km. da mesma, ubícase o Complexo Histórico-Artístico de Sargadelos, onde entenderás como comezou todo da man de Antonio Raimundo Ibáñez en 1791. Para isto, recomendámosche que visites o Museo Histórico de Sargadelos que ocupa a antiga Casa da Administración. Na súa contorna, seguindo o curso do río Xunco, podes realizar o agradable Paseo dos Namorados rodeado de vexetación autóctona.

Tamén che recomendamos: A 11 kms. de Cervo, en Xove, a ruta costeira que comeza no porto de Morás e segue o trazado do **Camiño Natural da Ruta do Cantábrico**. Ademais da paisaxe singular que conforman os dolos de Morás, estruturas de formigón construídas in situ para a execución dos espigóns do porto de Alcoa (San Ciprián), durante o percorrido gozarás dun espectacular paisaxe formado por abruptos cantís, illas, praias e cabos.



RUTA DE ARTESANÍA POR BURELA

Redeiras

A **Asociación Cabo Burela** mantén vivo o tradicional oficio das redeiras. No pasado era este colectivo, formado exclusivamente por mulleres, o que arranxaba as redes, nasas e outros aparellos de pesca. Actualmente, o traballo das redeiras segue a ser unha importante seña de identidade da tradición mariñeira da Mariña Lucense e o seu papel, esencial para que os barcos poidan saír ao mar. Na nave de redeiras poderás ver este traballo artesanal do que depende o sector da pesca, unha das principais actividades económicas do territorio. Na mesma, existe tamén un pequeno espazo onde se expón maquinaria e outros elementos de barcos pesqueiros.

Nave de Redeiras, Porto de Burela. Burela. 630757910.
caboburela@hotmail.com

Horario: De luns a venres ás 11:00h. e ás 17:00h. Reserva a visita con máis dunha semana de antelación.

Prezo: 5€/persoa.



Redeiras "Cabo Burela"

2 HORAS



Barco-Museo "Reina del Carmen"

1 HORA 30 MINUTOS



Ruta do Litoral Burelés

2 HORAS



No porto de Burela está atracado o **Barco-Museo Reina del Carmen**, testemuña do pasado da pesca do bonito do norte nun dos portos pesqueiros máis importantes de España. Reserva a túa visita chamando a oficina de Burela (982586000) e percorre o interior da embarcación, coñece máis acerca das artes de pesca tradicionais e das diferentes partes que compoñen un barco boniteiro.

Na praia da Marosa, 3 kms. ao noroeste do porto de Burela, comeza a **Ruta do Litoral Burelés**, sinalizada como Sendeiro Azul. Ao longo da mesma verás praias e calas, coñecerás o asentamento castrexo de Chao do Castro, lugar de orixe do emblemático Torques de Burela, e presenciarás o conxunto de pregos xeolóxicos mellor conservado de Galicia na zona do Perdouro. Este é o lugar de inicio da rasa cantábrica, a formación litoral que se estende pola costa norte da península ibérica.

Tamén che recomendamos: A **Ruta dos Pozos**, a 18 kms. de Burela, no Valadouro. Esta ruta fluvial, levarate por un sendeiro ao longo do cal, pequenos cursos de auga forman piscinas naturais. Pasarás polo Pozo das Moscas, e ao final do itinerario, chegarás ata o fermoso salto de auga do Pozo da Onza. O Valadouro é un dos municipios da Mariña Lucense que forma parte da **Serra do Xistral**, un lugar descoñecido e cheo de maxia que acolle unha biodiversidade de excepcional importancia para o continente europeo. Cabalos salvaxes, lobos, voires e plantas carnívoras entre outras moitas especies de fauna e flora conviven neste espazo.



RUTA DE ARTESANÍA POR A PONTENOVA E RIOTORTO

Ferreiros

Rodil na Pontenova e **JOMACA** ou **MAF** en Riotorto, moldean do mesmo xeito que os seus antepasados o duro aceiro. Empregando o lume das forxas alimentadas con carbón, a bigornia, mazos e martelos, os ferreiros crean ferramentas de corte como navallas, coitelos e fouciños. A historia destas dúas localidades veciñas, está estreitamente vencellada a ferraría e á minaría do ferro. Rodil, JOMACA e MAF, son algúns dos derradeiros artesáns que manteñen en vigor este oficio antigamente forma de vida da maioría de familias da contorna.

RODIL: Muruais, 5. A Pontenova.
648115385.

jrodilartesanía@gmail.com

MAF: Hermida, 20. Riotorto.
982346219.

mafartesanía@gmail.com


JOMACA: Hermida, 25. Riotorto.
696812704.

jomaca_cuchillos@hotmail.com

Horario: Reserva a visita con máis dunha semana de antelación.

Prezo: Individuais 6€/persoa.

Grupos 25€ (entre 5 e 10 persoas).



Ferreiros
2 HORAS



Aula de Interpretación da Pesca
2 HORAS



Vía Verde do río Eo
3 HORAS



No centro da Pontenova atoparás os fornos de Vilaoudriz, construídos a finais do século XIX para fundir o ferro extraído das minas da redonda e á súa vez, emblema da localidade. No antigo edificio da estación do tren, encontrarás a **Aula de Interpretación da Pesca**, que atesoura obxectos como moscas, culleriñas, canas centenarias de bambú e información sobre a pesca da troita, do salmón e do reo.

Dende os fornos de Vilaoudriz parte a **Vía Verde do río Eo**, unha ruta de 12 kms. que segue a antiga vía do ferrocarril que durante a primeira metade do século XX transportaba o ferro ata Ribadeo. No percorrido, gozarás da beleza da paisaxe ribeirega aderezada coa historia da minaría. En Riotorto, a 8 kms. de A Pontenova, moi próximo aos obradoiros de MAF e JOMACA, sitúase o mazo de Ferreiravella, que era empregado por varias familias de ferreiros da zona que o compartían para forxar as súas ferramentas. O mazo está instalado nunha antiga construción que aproveitaba a auga do río co mesmo mecanismo do muíño de Batán.

Tamén che recomendamos: A 15 kms. da Pontenova, en Trabada, podes gozar dunha ruta nun frondoso bosque entre a vexetación autóctona pola **Fraga da Becerreira**. Ademais, a 40 kms. de Riotorto e A Pontenova, atópase un dos principais atractivos da Mariña Lucense, o Monumento Natural da **praia das Catedrais**. Coñece Ribadeo e o seu centro histórico salpicado das peculiares casas de indianos a través da audioguía ficcionada *Ribadeo alén do tempo*. Descarga na web da Mariña Lucense.



RUTA DE ARTESANÍA POR MONDOÑEDO

As Formas da Terra e O Canteiro

No barrio por tradición artesán de Mondoñedo, o dos Muíños, atópase a olaría coñecida como **As Formas da Terra**. Aquí, Nuria e Sandra dan vida ao barro modelando obxectos que despois decoran. Coas súas mans elaboran creacións modernas e outras máis tradicionais. Na visita ao obradoiro, ademais de coñecer a importancia da olaría en Mondoñedo, Nuria e Sandra mostran a técnica precisa para traballar o barro.

Fernando Vilariño é un mestre canteiro que esculpe granito, mármore e lousa para obter pezas de todo tipo. No seu obradoiro poderás ver creacións puramente decorativas, outras útiles no día a día e as que combinan deseño e funcionalidade, unha das principais premisas de Vilariño.

AS FORMAS DA TERRA: Muíños de Abaixo, 31. Barrio dos Muíños. Mondoñedo.
678934025. info@asformasdaterra.com

Horario: Reserva a visita con máis dunha semana de antelación.

Prezo: Acceso libre gratuíto. Visita guiada adultos 3€/persoa, nenos 1€/persoa, grupos e oferta educativa 2,50€/persoa.

O CANTEIRO: Bispo Fernández de Castro, Barrio dos Muíños. Mondoñedo.
678990683.
punteiradasviladepedra@gmail.com

Horario: De luns a sábado de 11:00h. a 13:00h. e de 17:30h. a 20:00h. Reserva a visita con máis dunha semana de antelación.

Prezo: Acceso libre gratuíto. Visita guiada 2,50€/persoa.



As Formas da Terra / O Canteiro

2 HORAS



Casco histórico Mondoñedo

2 HORAS



Cova do Rei Cintolo

3 HORAS



No mesmo barrio dos Muíños sitúanse ademais: o obradoiro de Mircromina, onde o monicrequeiro Ton Arenas elabora a manexa os personaxes e escenarios do seu particular teatro; e tamén o local de Estudio Estampa, no que Julieta Vargas, mediante a técnica da serigrafía, confecciona orixinais artigos. A poucos metros do barrio dos Muíños, esténdese o **casco histórico de Mondoñedo**, declarado conxunto histórico-artístico. Percorre as rúas de Mondoñedo coa audioguía ficcionada *Mondoñedo e familia*. Descarga na web da Mariña Lucense. No epicentro do casco histórico álzase a Catedral de Mondoñedo, declarada monumento histórico-artístico. Comezada a construír no século XIII, mantén elementos románicos, góticos e barrocos.

A 5 kms. do centro de Mondoñedo sitúase a **Cova do Rei Cintolo**, a cavidade meirande de Galicia con máis de 6 kms. de desenvolvemento. Para contemplar as súas formacións: estalagmitas, estalactitas, columnas, coadas e ata unha pequena lagoa; reserva previamente na oficina de turismo de Mondoñedo (982507177).

Tamén che recomendamos: A 12 kms., en Lourenzá, non debes perderte o **mosteiro de San Salvador**. A fachada da súa igrexa, trátase dun ensaio feito a semellanza da Catedral de Santiago de Compostela. No interior destacan: un impresionante relicario barroco do século XVII, o Museo de Arte Sacro e o Centro de Interpretación da Faba de Lourenzá. Próxima ao mosteiro eríxese a **Fortaleza de Tovar**, unha espectacular edificación medieval construída no século XVI sobre unha antiga torre de defensa.



A GASTRONOMÍA NA MARIÑA LUCENSE

A gastronomía da Mariña Lucense é garantía de calidade e variedade, un dos grandes atractivos deste destino que complementa á perfección a proposta das Rutas de Artesanía. Mantendo sempre o respecto polas elaboracións tradicionais, é posible tamén probar receitas que brindan un toque innovador ao comensal. A continuación, falarémosche dalgúns dos produtos estrela. Para comprar ou degustar, recomendámosche que te deixes guiar polos mesmos artesáns e a poboación local, os mellores anfitrións.

As hortas da Mariña Lucense, especialmente a coñecida Horta de Mondoñedo, abastecen de verduras, hortalizas, froitas e legumes os mercados semanais e pequenos establecementos das diferentes localidades. A leguminosa mais destacada é a Faba de Lourenzá, cun sabor e unha textura especial está amparada pola I.X.P. (Indicación Xeográfica Protexida) do mesmo nome.

Ás lonxas e portos dos municipios costeiros, chega diariamente peixe e marisco fresco da mellor calidade. Bo exemplo disto é a Pescada do Pincho e o Bonito do Norte de Celeiro e Burela. Ambas froitas, practican ademais unha pesca sostible ecolóxica e economicamente. Á diferenza da pescada, que se pode consumir ao longo de todo o ano; o bonito, acada o seu mellor momento na tempada estival. Outros peixes como a robaliza, o sargo, a sardiña, o verdel, o xurel, o bocarte e mariscos como a nécora, o percebe, o centolo, o boi de mar, o ourizo de mar e diferentes tipos de bivalvos chegan día a día, tanto aos portos mencionados, como aos do Vicedo, Foz, San Ciprián, Rinlo ou Ribadeo.



A GASTRONOMÍA NA MARIÑA LUCENSE

A carne de vacún, baixo a I.X.P. Tenreira Galega, é producida por gandeiros da zona que crían á especie aproveitando os ricos pastos da Mariña Lucense. Tamén destaca o gando porcino en concreto a raza de Porco Celta.

Unha boa comida sempre debe ir acompañada dun bo pan. Algunhas panadarías da Mariña Lucense elabóranos de forma artesanal, empregando o gran cultivado no territorio. Outros produtos típicos preparados con fariñas de calidade son: as empanadas nas súas diferentes variedades (a tradicional, de masa de pan; a de millo ou o pastelón de masa folla), a enfariñada de Trabada ou os faragullos da Pontenova.

A repostaría ten os seus principais representantes nas tortas de amendoa. A clásica Torta de Mondoñedo, a Colineta de Viveiro ou a Torta de Riotorto son algúns exemplos. Tamén hai sitio neste apartado para os chocolates artesanais e para doces típicos de datas como o Entroido ou a Semana Santa. O mel, recollido aínda do xeito tradicional ao longo da Mariña Lucense, acada matices únicos nesta zona. Coñece máis sobre as innumerables propiedades deste alimento no Museo do Mel do Valadouro.

Nos últimos anos, na Mariña Lucense, algúns produtores de cervexa artesán empregan ingredientes da zona nas súas bebidas, como poden ser o mel da Serra do Xistral ou incluso a auga do mar. A súa orixinalidade dá pé a mesturas sorprendentes.

LISTADO DE ARTESÁNS DA MARIÑA LUCENSE



OLARÍA



O Alfár

Muíños de Abaixo, 31.
Mondoñedo
678 934 025
info@asformasdaterra.com



ARTES DE PESCA

Miguel Ángel

O Formigueiro.
Mondoñedo
619 271 490
josevigo@telefonica.net



CANTARÍA



Fernando Vilariño

Bispo Fernández de Castro, sn.
Mondoñedo
678 990 683
punteirdasviladepedra@gmail.com



CARPINTARÍA, EBANISTARÍA E RESTAURACIÓN

Miguel Ángel

O Formigueiro.
Mondoñedo
619 271 490
josevigo@telefonica.net

Carpintería Alejandro

Estrada Xeral, sn. A Pontenova
677 219 546
correo@carpinteriaalejandro.com

Carpintería César

Recende, 26. A Pontenova
637 545 130
cesarcarpinteria@hotmail.com

Carpintería Restauración Juan Carlos

Ctra. de Valiño, Nave 3.
Mondoñedo
606 865 449
carpinteriajcrivas@yahoo.es

José Otero Rejes

Masma. Mondoñedo
982 519 442
maderasderestauracionsl@gmail.com

Ebanistería Alejandro Quelle

A Senra, 1. Oural
636 100 877
artesaacroquelle@gmail.com

Regina Restauración

Pardo de Cella, 4. Praza da
Catedral. Mondoñedo
650 422 866
reginaantiguedades@yahoo.es

La Herencia

Lourenzá
659 120 505
esther.laherencia@hotmail.es



CARPINTARÍA DE RIBEIRA



Francisco Fra

Beiramar, sn. San Cibrao. Cervo
677 595 676
fransanciprian@hotmail.com



CERÁMICA



Espazo Caritel

O Caritel, 6. San Martiño. Foz
659 773 916
espazocaritel@gmail.com

Lucía Catuxo

Vilafernando, sn. Trabada
669 446 352
luciacatuxo@casadocura.es



Miriam Viveiro

Calvoso, 8, Chavín. Viveiro
639 619 254
miriamviveiro@hotmail.com



Regal Cerámica

Camiño Real, 127. Viveiro
982 562 589
ceramica@otoregal.com



Información adicional

Na web atoparás contido detallado das Rutas de Artesanía, dos artesáns da Mariña Lucense, os diferentes puntos de interese turístico, as rutas de sendeirismo, a gastronomía e outra información de gran utilidade. Vive unha experiencia única coas Rutas de Artesanía da Mariña Lucense!



FERRERÍA

J. M. CONFORTO

O Conforto, 10.

A Pontenova

982 342 522

bodegonaforxa@hotmail.com



Rodil

Muruais, 5. A Pontenova

648 115 385

jrodilartesaniam@gmail.com



JOMACA

Hermida, 25. Riotorto

696 812 704

jomaca_cuchillos@hotmail.com



MAF

Hermida, 20. Riotorto

982 346 219

mafartesaniam@gmail.com

Pol

Ribadiña, 3. Riotorto

654 164 347



XOIRÍA

Esteban Abella

Arcadio Pardiñas, 81.

Burela

690 128 285

estebanabella@hotmail.com

Óscar Rodríguez

Av. Cervantes, 5-7. Viveiro

982 550 057

administracion@oscar-rodriguez.com



MODISTAS

Reme Espantoso

Foz

666 205 595

remesru@hotmail.com

O Nabiño de Mondoñedo

Progreso, 2.

Mondoñedo

631 387 361

info@onabinomediaval.com



PELETARÍA

María Jul

Corrales, 5. Cervo.

649 705 338

mariajul@yahoo.com



SERIGRAFÍA

Estudio Estampa

Ponte Pousada, 7. Mondoñedo

684 220 491

boasestudioestampa@gmail.com



REDEIRAS



Asociación Cabo Burela

Nave de redeiras, Porto de Burela.

630 757 910

caboburela@hotmail.com



MONICREQUES

Mircromina - Teatro de Títeres

Bispo Fernandez de Castro, 3.

Mondoñedo

617 353 140

tonarenas@gmail.com

